

Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto á **zona de traballo**, e ante o escaso desenvolvemento deste plan esta será a mesma que a aprobada en anos anteriores, e dicir de Punta Salinas a Punta Quilme, Areoso, Camallón, Punta Testos, Punta Niño do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo. A ampliación do área a explotar suporía un solapamento co ámbito do plan conxunto de ourizo das confrarías de Ribeira e Aguiño, así como co plan de percebe da confraría de Ribeira. Por outra banda ao tratarse de zonas de libre marisqueo requiriría da conformidade de tódalas entidades interesadas na zona de explotación ou no seu caso a renuncia de cada unha delas de acordo co disposto na lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia (artigo 42). Esta documentación non figura no plan.

O colectivo de mergulladores deberá planificar a súa actividade de xeito que non interfira co marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé, dado que traballa en áreas comúns coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade

Con respecto ao **calendario e topes de captura**, sinalar que este plan dende a súa aprobación no ano 2004, desenvolveuse só durante 9 días no presente ano (tendo autorizados 60 días), traballando 8 mergulladores (4 embarcacións) que extraeron un total de 5.400 kg. Segundo o informe biolóxico, os obxectivos do plan de explotación son moi elevados, e a única mostraxe realizar para avalía-lo plan data de 06.10.2005, dando non conxunto das estacións unha abundancia baixa que foi achacada á malla visibilidade do fondo na data indicada. A vista da evolución deste plan, e de acordo co informe técnico, a planificación da actividade para o vindeiro ano estará supeditada á presentación dunha avaliación da biomasa explotable de ourizo nas zonas autorizadas. Esta avaliación deberá ser realizada con anterioridade ao inicio da actividade durante o ano 2008, e a súa ausencia comprometería a viabilidade productiva e económica do plan de explotación para o ano 2009.

De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas”.

O informe da actividade de mergullo emitido en data 09.11.2007 é favorable á técnica de recolección en apnea sempre e cando dito plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente.

*